

TEMA 24. A DITADURA DE PRIMO DE RIVERA

O 13 de setembro de 1923, **Miguel Primo de Rivera**, Capitán Xeneral en Cataluña dá un golpe de estado en Barcelona e no seu Manifesto ao país e ao exército, xustifícase sinalando algunhas **causas explicativas** do **Golpe de Estado**:

- O **antimilitarismo e as críticas ao exército**, polos fracasos na **Guerra de Marrocos**.
- As **críticas ao rei**, ao que se sinalaba como responsable do **Desastre de Annual**.
- A **radicalización dos catalanistas**, que el sente unha ameaza á unidade de España.
- O aumento de **atentados terroristas** na rúa: contra o clero, políticos, líderes sindicais...
- A incapacidade dos “profesionais da política” para controlar a situación (“de caos”).
- O **atraso económico e o temor a unha revolución social comunista** dos de abaixo.

No seu manifesto, **Primo** intenta demostrar que reina o caos, e que el será a solución, prometendo solucionar en 3 meses, de forma autoritaria, a profunda crise existente, como un **cirurxián de ferro** (expresión usada polos rexeneracionistas*) extirpando os males. O Goberno reaccionou pedindo ao rei a destitución dos sublevados, pero ante a falta de apoio do monarca (máis defensor do exército que da Constitución), o Goberno (do liberal **García Prieto**) acabou presentando a súa dimisión en bloque. O día 14, **Alfonso XIII** réunese con Primo de Rivera, entregándolle o Goberno. Comezaba así unha peculiar “ditadura con rei”, como sucedía en Italia con Mussolini.

Ademais do rei (moi sinalado polo **Expediente Picasso***), contou con outros **apoios** :

- Parte do **exército**, desexoso de recuperar protagonismo e importancia
- As **élites económica e política** (conservadores, burgueses e propietarios), que querían orde.
- Boa parte do **pobo**, que aceptou con pasividade esta “solución temporal”.
- Incluso os **socialistas do PSOE**, apenas amosaron oposición ata 1925. Na outra cara da moeda, hai que destacar o **Partido Comunista** (PCE) e os **anarquistas** da **CNT**, que si se opuxeron e foron moi críticos desde o primeiro momento, ao igual que tamén os republicanos, os intelectuais e os estudantes universitarios.

Así comezaba a ditadura de **Primo de Rivera (1923-30)**, un réxime autoritario e paternalista, no que podemos diferenciar con claridade dúas etapas:

Unha **1ª Etapa ou Directorio Militar* (1923-25)**: na que o Goberno estivo formado só por militares (de aí o nome), que gobernaron mediante decretos (sen Cortes), centrándose en 4 obxectivos fundamentais:

1. DESMANTELAR O SISTEMA POLÍTICO DA RESTAURACIÓN:

- Suspendendo a **Constitución de 1876**.
- Destituíndo ás autoridades e poñendo autoridades militares afíns ao novo réxime.
- Creando **Delegados do Goberno**, para propoñer melloras nos concellos
- Reformando a normativa electoral, reducindo a idade para poder votar aos 23 anos e concedendo ás mulleres o sufraxio (pero só nas municipais e se non tiñan home) ...pero obviamente, ao non haber eleccións, esta normativa nunca se aplicou.
- **Centralizando** o poder: o Goberno nomea os concelleiros e os deputados provinciais
- E creando a **Unión Patriótica***: unha especie de “partido” único do réxime, a modo de asociación de cidadáns para o apoio e propaganda en favor da ditadura, e no que tan só participaron os moi adictos ao réxime (conservadores e católicos).

2. ASEGURAR A ORDE PÚBLICA:

- Decretando o Estado de Guerra durante 2 anos, suspendendo así as liberdades.
- Perseguindo ás organizacións críticas, como o **Partido Comunista** e a **CNT**, e permitindo en cambio as que non son críticas (como o **PSOE** e **UGT**).
- E xeralizando a toda España o **Somatén**, unha organización tradicional catalana, formada por paisanos armados, para axudar á Garda Civil a manter a orde pública.

3. DEFENDER A UNIDADE DA PATRIA:

- Exaltando os símbolos nacionais de España.
- Perseguindo aos nacionalistas periféricos e os seus símbolos (bandeiras, linguas...), así como a súa prensa e institucións, o que provocou a súa radicalización.

4. FINALIZAR A GUERRA DE MARROCOS:

- Algo que conseguiu, organizando un enorme desembarco en **Alhucemas**, unha operación militar conxunta con **Francia** en setembro de 1925, que foi un éxito, permitindo conquistar o **Rif** e que **Abd-el-Krim** acabase entregándose (a Francia). Este éxito en **Marrocos**, a paz social ao controlar as rúas e a prosperidade mundial dos Anos 20, provocaron que a popularidade de Primo de Rivera se disparase, o que o animou a transformar a súa ditadura militar nun réxime civil, nun intento de permanecer máis tempo no poder, e de novo co apoio do rei. Comeza así a

2ª etapa ou Directorio Civil (1925-30): na que, tratanto de estabilizar o seu réxime dando máis participación a civís ou cidadáns, forma un novo goberno, que pasa a ter tanto militares (nos postos clave) como civís de **Unión Patriótica**.

Nesta etapa, pasa a centrarse en **3 obxectivos**:

1. INSTAURAR UN RÉXIME CORPORATIVO como o de **Mussolini**, para o cal:

- Crea unha **Organización Corporativa do Traballo** (para substituír aos sindicatos), na que obreiros e patróns, moderados por un representante do Goberno, estaban obrigados a acordar as súas relacións (xornada, salarios,...).
- e crea unha **Asemblea Nacional**, para presentar posibles leis ao Goberno, formada por representantes de concellos, deputacións, empresas e **Unión Patriótica**, e que en 1929 chegou a presentar un proxecto de Constitución! ...tan conservadora que acabou sendo retirado ante as fortes críticas recibidas.

2. ELABORAR NOVAS LEIS LABORAIS E SOCIAIS POPULISTAS (para atraer ás masas):

- Tratando de mellorar as condicións de vida dos traballadores, con medidas como: reparto de comida e roupa, construción de casas baratas, axudas para as familias numerosas, cursos para a formación dos obreiros...

3. INSTAURAR UNHA ECONOMÍA NACIONALISTA E INTERVENCIONISTA do Estado:

- Con medidas proteccionistas (impostos á entrada de produtos estranxeiros), controlando o mercado español e os prezos dos produtos, creando grandes monopolios estatais como **CAMPSA** (petróleo) ou **Telefónica**, e investindo en obras públicas (estradas, ferrocarril, tendido eléctrico, embalses...).

Logrouse así un crecemento económico notable que beneficiou moito aos empresarios, pero que aumentou a débeda do Estado, e non mellorou as precarias condicións de vida. Isto, unido a este intento de perpetuarse no poder, fixo que as críticas aumentasen, xurdindo desde **1926** unha **crecente oposición á Ditadura de Primo de Rivera**:

a) Por parte do exército, especialmente os militares do corpo de artillería, que eran contrarios ao decreto de reforma que favorecía os ascensos por méritos de guerra, fixéronse moitos deles republicanos.

b) Por parte dos políticos liberais, que querían volver a un sistema constitucional, prepararon (co corpo de artillería) un golpe de Estado contra a ditadura, a **Sanjuanada** (noite de **San Xoán**, 1926), que fracasou ao enterarse **Alfonso XIII**.

c) Polos republicanos, que comezaron a organizarse para derrubar a monarquía, formaron en 1926 a **Alianza Republicana**, para agruparse (en Galicia, na mesma liña, fórmase en 1929 a **ORGA**, partido republicano galego).

d) Polos nacionalistas periféricos, sobre todo os cataláns, que se radicalizaron como resposta á forte persercución dos seus símbolos e lingua.

e) Polos anarquistas, que trataron de atentarse contra o rei (sen éxito), e que en **1927** crean a **FAI*** (**Federación Anarquista Ibérica**), que unía a anarquistas de España e Portugal, para lograr unha revolución social.

f) Polos intelectuais, como Ortega y Gasset ou Unamuno, e tamén os **estudiantes** universitarios que se rebelaron contra o plan de favorecer ás universidades privadas da Igrexa.

Ante esta oposición, e o **inicio dunha crise económica** (tamén mundial, tras o crac de 1929), **Primo de Rivera** pregunta aos xefes militares se contaba coa súa confianza. Pero, ante a falta de respostas claras, sentíndose só e sen apoios, o 29 de xaneiro de 1930 presenta a súa dimisión ao rei, que a acepta, e marcha a París, onde morre, enfermo de diabeite, poucas semanas despois. **Alfonso XIII** reacciona entregando o goberno a outro militar: o **Xeneral Berenguer** encargándolle volver progresivamente ao sistema constitucional de 1876, como se nada, polo que esta ditadura de **Berenguer** pasou a ser coñecida popularmente como **Ditabranda**. Pero para entón a impopularidade do rei é xa tan grande, que políticos de todos as cores (republicanos, nacionalistas, socialistas, antigos monárquicos...) reúnen en **agosto de 1930** para acordar verbalmente o Pacto de San Sebastián*, no que, formando un **Comité Revolucionario** para coordinar unha sublevación, acordan intentar derrubar a monarquía para establecer unha república democrática, convocar despois eleccións libres a Cortes constituíntes (nova Constitución), e recoñecer no futuro a autonomía de **Cataluña, Galicia** e as **provincias vascas**.

En decembro, o artigo do filósofo **Ortega y Gasset** "*A monarquía debe ser destruída*", e os dous intentos de golpe de estado en favor da república (en **Jaca** e **Madrid**), fracasados, fan que o rei substitúa á fronte do Goberno a Berenguer polo Almirante Aznar, quen decide convocar eleccións municipais para o 12 de abril de 1931.

Dada a situación, todo o mundo as viu como un plebiscito a favor ou en contra da monarquía. Aínda que o resultado foi de empate entre partidos monárquicos e republicanos, estes últimos arrasaron nas cidades, gañando en 41 das 50 capitais de provincia, o que foi considerado como un apoio masivo ao establecemento da república. Dous días despois, o **14 de abril de 1931**, foi proclamada a **Segunda República**.